

ACTA DO XURADO DA 5ª EDICIÓN DOS PREMIOS *EDUCACOMPOSTELA* 2007

Logo da convocatoria do Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago de Compostela e o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, para elixir as persoas galardoadas na V edición dos Premios Educacompostela, creados co obxecto de recoñecer, promover, premiar e difundir aqueles materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuír ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica, reúnen no salón de plenos os seguintes membros do xurado:

Guadalupe Rodríguez Silva
Concelleira Delegada de Educación
Presidenta

Antonio F. Rial Sánchez
Director do Departamento de Didáctica e
Organización Escolar.

Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez
Xefe do Servizo de Educación e Mocidade
Secretario dos Premios

Gonzalo Anaya García
Director do Centro de Formación e Recursos de
Santiago

Xesús Rodríguez Rodríguez
Representante de Nova Escola Galega

Ana María Guerra Cañizo
Representante da Asociación Galega de
Editores

José Manuel Malheiro Gutiérrez
Representante de Nova Escola Galega

Beatriz Varela Morales
Técnica de Educación e Mocidade
Concello de Santiago de Compostela

Ás 9 horas do día 3 de outubro de 2007, a presidencia abre unha quenda de intervencións para que os representantes antes mencionados expoñan os seus criterios con respecto aos traballos presentados.

Despois das oportunas deliberacións, o xurado acorda o seguinte:

En primeiro lugar agradecer a participación dos diferentes grupos de traballo que concorreron a esta V edición dos Premios Educacompostela deixando constancia da calidade, diversidade e importante incremento de participantes, o que provocou unha longa deliberación polo xurado e que dá a medida do interese do profesorado de Galicia por innovar e elaborar propostas que poidan servir de modelo ou de guía para o quefacer educativo nas nosas aulas. Quere destacar tamén a variedade de temáticas recollidas nos traballos presentados nesta edición: medio ambiente, novas tecnoloxías, muller, música, matemáticas, literatura, arte, etnografía, xeografía, educación física...

Logo das oportunas deliberacións, o xurado acordou:

1º premio, para o traballo titulado *"Como traballar a lóxica matemática a partir das rutinas da aula"*. O grupo de traballo está composto por María Blanco Corral (CRA de Teo – Bamonde), M^a Dolores González Marquina (CRA de Teo – Oza), Manuel Ángel Masaguer Rodríguez (CRA de Teo – Campos), M^a Ángeles Pousa Díaz (CRA de Teo – Aido), Nuria Fernández Fariñas (CEIP de Laredo – Redondela), M^a José Iglesias Valiño (CEIP Figueroa – A Estrada), Begoña López Fernández (CEIP de Portonovo), M^a Nora Pousa Díaz (CEIP A Ramallosa – Teo) e Susana Viqueira Cobas (CEIP Pérez Viondi – A Estrada).

Comentario:

O ensino das matemáticas no alumnado de educación infantil e de 1º ciclo de primaria a partir das rutinas da clase é obxectivo de todas as propostas didácticas que se recollen neste interesante traballo realizado coordinadamente por 9 mestras de 6 centros escolares da Coruña e Pontevedra. A concepción construtivista é o fío condutor deste traballo que pretende amosar as matemáticas como ferramenta que axude aos nenos/as no proceso de coñecemento do seu contorno dende un punto de vista interdisciplinaria. Pero o interesante do traballo tamén é como se planifican esas rutinas, as exemplificacións propostas para a construción das aprendizaxes mediante a utilización de diferentes materiais que favorecen a súa manipulación e interactividade, a autonomía e iniciativa dos alumnos, a investigación e a reflexión arredor de múltiples cuestións que se lles presentan.

2º premio, para o traballo titulado *"Programa de acollida do alumnado estranxeiro"*. O grupo de traballo está composto por Susana Marina Blanco Baluja (coordinadora), Rita Amigo Seisdedos, Concepción Abuín Méndez, Marián Araúxo Muíños, M^a Isabel Barreiro Gundín, Valentín Castellano Méndez, Mercedes Espiño Amil, José Mosquera Almuiña, M^a Isabel Pereiro Raposo, M^a Jesús Ríos Creo e Ana Formoso Remesar, do IES Eduardo Pondal de Santiago de Compostela.

Comentario:

A chegada de alumnos/as procedentes doutros países aos centros escolares xera un interesante traballo que pode servir de modelo para outros centros de ensino pois establece as pautas na implementación dun plan de acollida desde a reciprocidade, é dicir, dando cobertura ás familias e aos nenos e nenas novos pero tamén incorporando elementos de diferentes culturas de orixe no propio currículo escolar. Trátase en definitiva dunha proposta moi interesante de interculturalidade, de socialización, contra a xenofobia e o fracaso escolar.

3º premio, para o traballo titulado *"Nova antoloxía latina"* presentado por Óscar Sánchez Vidal, do IES Portovello de Ourense.

Comentario:

O xurado quere salientar o importante esforzo realizado para crear a primeira antoloxía latina escrita en galego e pensada para facer posíbel o ensino do latín na nosa lingua e a procura de métodos anovadores e recursos didácticos que permitan superar as dificultades que se están a dar nunha lingua ameazada por un crecente desprestixio. A compilación de refráns latinos, a utilización de artigos xornalísticos, entre outros, promove a aplicación dunha metodoloxía activa, dialogante, flexíbel, aberta e investigadora na aula.

Este traballo convértese pois nunha proposta didáctica cunha gran practicidade para todos aqueles que traballan no ensino do latín.

Esta antoloxía quere ser pois un método anovador e un corpus de textos orixinais, actuais e interesantes no seu contido e cunha clara gradación gramatical para afrontar o estudo da lingua latina dunha forma totalmente diferente

Así mesmo, o xurado decide conceder unha **mención** ao traballo "*Árbores que arrolan poemas*" presentado por M^a Dolores Domínguez Díaz e o equipo de profesores/as do CEIP Ramón Cabanillas de Santiago de Compostela. O xurado quere valorar moi positivamente a implicación de toda a comunidade escolar, profesorado, alumnado de educación infantil e primaria, pais e nais e persoal non docente na consecución deste proxecto interdisciplinario no que destaca a súa temporalización, a durabilidade no tempo, abrangendo os diferentes procesos de traballo coas árbores (recollida e plantación de sementes, selección das especies que se van traballar, tratamento da información obtida sobre cada un deles, a elaboración dos poemas que farán as veces de follas, etc) e a simbiose que conseguen ao traballar a educación e a sensibilización medioambiental coa poesía.

Levántase a sesión ás 15,10 horas.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2007

O SECRETARIO

Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez

A PRESIDENTA

Guadalupe Rodríguez Silva